



Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

### Outras consideracións <sup>(9)</sup>

Con respecto a ampliación proposta no número de participantes, estarase ao disposto no plan de explotación de marisqueo a pé en autorizacións.

A zona de produción será a delimitada na resolución de apertura e dentro das zonas de autorización, dado que en data actual a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible non emitiu informe e o ano pasado dito organismo considerou desfavorable a explotación na zona de o saco da Enseada de O Grove, cara ao Sur da Illa da Toxa.

Con respecto ao calendario de extracción, recomendase unha veda en setembro e outubro para respectar o período reproductivo.

De acordo co informe técnico os obxectivos de produción son demasiado elevados para o stock explotable segundo a última mostraxe realizada, polo que se recomenda que se presente unha avaliación actual da biomasa explotable do recurso na zona que se autorice.

A explotación será realizada por quendas rotatorias de xeito que a entidade deberá aportar, con cada solicitude de apertura, a relación de mariscadoras que se adicarían á explotación da lapa, así como os datos de extracción por recolectora e zona, do período anterior autorizado. Deste xeito se realizaría un seguimento pormenorizado da explotación, que evitaría a sobrepesca.

Non se poderá simultanear no mesmo días extraccións de dous plans de explotación.

En relación coa posibilidade contemplada no plan de que por incumprimento dalgunha das normas do plan (sen concretar cales) os participantes poden ser sancionados incluso coa expulsión do plan, así como o contemplado nos apartados 2.4 e 2.6.1.a, cumpre advertir que calquera privación do dereito de exércela actividade marisqueira por parte dunha confraría a través dun procedemento sancionador, que supoña a exclusión parcial ou total dun plan de explotación no que o mariscador estaba incluído, non está contemplada na normativa que regula a explotación de moluscos nin o permiso de explotación. Por outra banda a persoa afectada, ante unha sanción do tipo contemplado no plan, poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe o réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

\*